



*Resolución do 27 de xullo de 2018 pola que se adjudican provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2018/19 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino ou substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.*

Mediante Resolución do 18 de xuño de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 121, do 26 de xuño) convocouse o concurso de adjudicación de destinos provisionais para o próximo curso académico 2018/19 entre o persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino ou substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

Ao abeiro do que establece o punto cuarto da citada resolución,

RESOLVO:

Primeiro.- Adjudicar provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2018/19 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino ou substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo, de acordo coas normas para a adjudicación de destino provisional establecidas pola Orde do 7 de xuño de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 14 de xuño).

Segundo.- Ordenar a publicación da resolución provisional do concurso na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

Terceiro.- De conformidade co disposto no punto cuarto da Resolución do 18 de xuño de 2018, o persoal concursante poderá presentar reclamacións ou renuncias á resolución provisional, no prazo de dous días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

As reclamacións ou renuncias formularanse en todo caso por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). De formular a reclamación ou a renuncia presencialmente, a persoa que a formule presencialmente será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da reclamación aquela en que foi realizada a emenda.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos  
Por suplencia (Resolución do 20.07.2018)  
Jesús Oitavén Barcala  
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

